

Resolución do 15 de marzo de 2020, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se determinan os servizos mínimos esenciais na Administración de xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19.

O servizo público de Xustiza exige garantir a ineludible prestación de determinados servizos aos cidadáns, que deben quedar completamente garantidos.

Dada a situación actual e as excepciónais circunstancias derivadas da evolución do coronavirus COVID-19, establécense unhas normas de actuación para os efectos de garantir a prestación efectiva do devandito servizo, dentro do ámbito de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia e de forma coordinada con aquelas que corresponden ao Consello Xeral do Poder Xudicial, á Fiscalía Xeral do Estado e ao Ministerio de Xustiza.

Coas medidas previstas na presente resolución débese harmonizar a necesaria protección da saúde dos traballadores do ámbito da Administración de xustiza coa seguranza duns servizos indispensables que sexan, á vez, suficientes para garantir a actividade ininterrompida da Administración de xustiza naqueles aspectos cuxa paralización poida supor prexuízo non reparable para os dereitos e intereses dos cidadáns; ben por facer imposible con carácter irreversible a súa protección xurisdiccional, ben por xerar unha situación contraria ao principio de seguridade xurídica na actuación dos cidadáns ante os tribunais, pois en ambos os casos se produciría un resultado abertamente lesivo do dereito á tutela xurisdiccional efectiva, garantido polo artigo 24 da Constitución.

Todo iso, ademais, enténdese sen prexuízo das resolucións que corresponden a xuíces, maxistrados, letrados da Administración de xustiza ou fiscais no ámbito das súas respectivas competencias.

Fomentarase especialmente a utilización da videoconferencia ou calquera outro dispositivo ou aplicación informática que permita a comunicación bidireccional segura de son e imaxe mesmo para os efectos de evitar, en canto sexa posible, traslados de detidos e presos ás sedes xudiciais para a práctica das dilixencias que houbese que realizar con eles.

Tendo en consideración todo o anterior, esta Dirección Xeral de Xustiza resolveu fixar, de acordo coas resolucións do Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado e o Ministerio de Xustiza, os servizos esenciais que, en todo caso, deben manterse operativos na Administración de xustiza, segundo se especifica:

A) Considéranse servizos esenciais, de acordo coas instrucións do Consello Xeral do Poder Xudicial relativas á prestación do servizo público xudicial ante a situación xerada polo COVID-19:

1. Calquera actuación xudicial que, de non practicarse, puidese causar prexuízos irreparables.
2. Internamentos urxentes do artigo 763 da LAC.
3. Medidas cautelares ou outras actuacións inaprazables, como as medidas de protección de menores do artigo 158 CC.
4. Rexistro Civil: expedición de licenzas de enterramento, celebración de matrimonios *in articulo mortis* e inscricións de nacemento en prazo perentorio.
5. Os servizos de garda, exclusivamente para efectos de detidos e incidencias.
6. As actuacións con detido e outras que resulten inaprazables, como adopción de medidas cautelares urxentes, levantamentos de cadáver, entradas e rexistros, etc.
7. Calquera actuación en causa con presos ou detidos.
8. Ordes de protección e calquera medida cautelar en materia de violencia sobre a muller e menores.
9. Actuacións urxentes en materia de vixilancia penal.
10. Na orde xurisdiccional contencioso-administrativa, as autorizacións de entradas sanitarias, urxentes e inaprazables, dereitos fundamentais cuxa resolución teña carácter urxente medidas cautelarísimas e cautelares que sexan urxentes e recursos contencioso-electorais.

Igualmente, procedementos de autorización ou ratificación xudicial das medidas que as autoridades sanitarias consideren urxentes e necesarias para a saúde pública e impliquen privación ou restrición da liberdade ou doutro dereito fundamental.

11. Na orde xurisdiccional social a realización de xuízos declarados urxentes pola lei e as medidas cautelares urxentes e preferentes.

12. En xeral, os procesos en que se alegue vulneración de dereitos fundamentais e que sexan urxentes (é dicir, aqueles cuxo adiamento impediría ou faría moi gravosa a obtención da tutela xudicial reclamada).

B) Para os efectos de garantir a prestación destes servizos esenciais, resulta necesario a fixación do persoal mínimo que debe atender tales servizos, que será o seguinte:

- Os xulgados e fiscalías en servizo de garda deberán contar con toda a dotación de persoal que preste o servizo de garda para atender debidamente o servizo.
- Nos demais órganos xudiciais, fiscais e Instituto de Medicina Legal atenderase á natureza e necesidades de cada un deles. Para a determinación do número e corpo dos funcionarios considerados dentro dos servizos esenciais, para o que se terán en conta as concretas funcións ou materias legalmente atribuídas a cada órgano ou conxunto de órganos e a súa relación directa e inmediata cos servizos esenciais identificados nesta mesma resolución.

Para o caso de que, polas propias circunstancias concorrentes, os servizos esenciais non poidan ser atendidos polo persoal titular, deberá acudirase ás quendas de substitución.

En atención a estes criterios, o persoal que deberá atender os servizos esenciais no ámbito de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia será, polo menos, o seguinte:

1. Tribunal Superior de Xustiza de Galicia:

- 1.1. Un funcionario do corpo de xestión P.A. ou de tramitación P.A. en cada unha das salas.

1.2. Secretaría de Gobierno: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A.

1.3. Gabinete Técnico da Presidencia: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A.

2. Audiencias provinciais:

2.1. Seccións civís: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou de tramitación P.A. por cada unha de das respectivas seccións e un funcionario do corpo de auxilio xudicial por cada dúas secciones ou fracción.

2.2. Seccións penais e mixta: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou de tramitación P.A., e un funcionario do corpo de auxilio xudicial por cada unha das respectivas seccións.

3. Xulgados unipersoais:

- Xulgados de primeira instancia e instrución de garda: os funcionarios que efectúan o servizo de garda habitualmente.
- Xulgados de primeira instancia e instrución que non estean de garda: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A.
- Xulgados de primeira instancia e xulgados do mercantil: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A. en cada xulgado
- Xulgados de instrución de garda: funcionarios que efectúan o servizo de garda habitualmente.
- Xulgados de Instrución que non estean de garda: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A.
- Xulgados de violencia sobre a muller, xulgados de instrución ou de primeira instancia e instrución con competencias en violencia sobre a muller: un funcionario do corpo de xestión P.A., un funcionario do corpo de tramitación P.A. e un funcionario do corpo de auxilio xudicial.

- Xulgados do penal: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A. e un funcionario do corpo de auxilio xudicial en cada xulgado.
- Xulgados do contencioso-administrativo: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A. en cada xulgado.
- Xulgados do social: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A. en cada xulgado.
- Xulgado de vixilancia penitenciaria: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A. e un funcionario do corpo de auxilio xudicial.
- Xulgado de menores: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A.
- Servizo común de notificacións e embargos: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A. e un funcionario do corpo de auxilio xudicial.
- Decanatos: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A. en cada sede.
- Servizo común de atención ao cidadán e á vítima: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou un funcionario do corpo de tramitación P.A. en cada oficina.
- Xulgados de paz: un funcionario.

4º Rexistros civís:

- Rexistros civís exclusivos: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou do corpo de tramitación P.A. e un funcionario do corpo de auxilio xudicial.
- Xulgados de primeira instancia e de primeira instancia e instrución con funcións de rexistro civil: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou do corpo de tramitación P.A. e un funcionario do corpo de auxilio xudicial.

5º Fiscalías: deberán contar con toda a dotación de persoal que preste o servizo de garda para atender debidamente o servizo, e ademais un 10% aproximado do total dos funcionarios dos corpos de xestión P.A., de tramitación P.A. e de auxilio xudicial de cada unidade.

- Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou do corpo de tramitación P.A.
- Fiscalías provinciais: a maiores dos funcionarios do servizo de garda, un funcionario do corpo de xestión P.A. ou do corpo de tramitación P.A.
- Fiscalías de área: a maiores dos funcionarios do servizo de garda, un funcionario do corpo de xestión P.A. ou do corpo de tramitación P.A. na de Santiago e dous funcionarios do corpo de xestión P.A. ou do corpo de tramitación P.A. na de Vigo.
- Seccións territoriais: un funcionario do corpo de xestión P.A. ou do corpo de tramitación P.A. en cada sección territorial, para o servizo de garda.

6º Instituto de Medicina Legal:

- Os médicos forenses de garda.

A cobertura destes servizos mencionados anteriormente realizarase mediante unha quenda rotatoria diaria entre os funcionarios integrantes do persoal de cada órgano, no que se seguirá a orde alfabética dos seus apelidos, comezando pola letra A, agás que exista acordo voluntario interno no órgano afectado. Se o servizo non queda atendido desta forma, serán designados os funcionarios das distintas quendas polos fiscais-xefes, letrados da Administración de xustiza e directora do Imelga.

Sen prexuízo do anterior, a totalidade dos empregados públicos ao servizo da Administración de xustiza en Galicia estarán ao dispor de eventuais adaptacións organizativas que resultasen necesarias para garantir a prestación dos servizos esenciais.

7º Persoal laboral ao servizo da Administración de xustiza:

- O 100% do persoal dos efectivos adscritos ás gardas de equipos técnicos de menores.
- Nas subdireccións do Imelga: 1 auxiliar de autopsias, 1 psicólogo e 1 traballador social.

Sen prexuízo do fixación de tales servizos esenciais que, en todo caso resulta ineludible prestar, para o persoal que deba acudir ás sedes xudiciais para a prestación de tales servizos, teranse en conta as seguintes consideracións:

1. Extremarase a limpeza e desinfección das instalacións.
2. Forneceranse produtos de protección e/ou desinfección nas sedes xudiciais e, en concreto, nos accesos aos edificios, salas de vistas e demais dependencias xudiciais en especial nas salas de detidos e dependencias de garda.
3. Recoméndase adoptar medidas xerais de protección individual de enfermidades respiratorias, tales como:
 - Realizar unha hixiene de mans frecuente (lavado con auga e xabón ou solucións alcohólicas), especialmente despois de contacto directo con persoas enfermas ou a súa contorna.
 - Evitar o contacto estreito con persoas que mostren signos de afección respiratoria, como tose ou esbirros.
 - Manter unha distancia dun metro aproximadamente coas persoas con síntomas de infección respiratoria aguda.
 - Cubrir a boca e o nariz ao tusir ou esbirrar e lavar as mans.

Limitarase o acceso de profesionais e cidadáns ás sedes xudiciais salvo para aqueles trámites imprescindibles e inaprazables, así como para a asistencia a actuacións xudiciais a que se acharen citados. Para estes casos deberán observarse as precaucións expostas. Calquera outra xestión ou trámite non esencial debrá ser

realizado vía LEXNET, telemática ou telefónica. Para ese efecto, facilítase o seguinte enlace, en que figura o directorio de órganos xudiciais a nivel nacional:

<https://www.mjusticia.gob.es/BUSCADIR/ServietControlador?apartado=buscadorGeneral&lang=é>

A presente resolución producirá os seus efectos desde o momento da súa sinatura.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2020

O director xeral de Xustiza



Juan-José Martín Álvarez